

XORNADAS

*Oficio, arquitectura
e territorio*



26-27 de setembro do 2026

San Cristovo de Mouricios, 2. Chantada 27510 Lugo

PROGRAMA

Oficio, arquitectura e territorio

As xornadas *Oficio, arquitectura e territorio* buscan crear un espazo de encontro entre a arquitectura e os oficios ligados á construción, así como incidir na relación das culturas construtivas locais co carácter propio de cada paisaxe e de cada territorio: dende as texturas e as cores achegadas polos materiais e sistemas vernáculos ata a propia forma de configuralos para diversos usos por medio de estruturas e edificacións de todo tipo: muros, edificios, bancais, pontes, canles, etc. Oficio, arquitectura e territorio cando van da man, permítennos construír, manter e actualizar as paisaxes e conxuntos que máis apreciamos, os lugares que queremos conservar e legarlle ao futuro, e fano adaptándose -sen perder a súa esencia- a sucesivos cambios culturais, técnicos e socioeconómicos. Por iso, destacar o valor desta tríade ten hoxe, nun mundo en acelerada transformación, maior relevancia ca nunca. O programa estrutúrase nunha serie de diálogos temáticos que poñerán o foco sucesivamente na colaboración en obras actuais entre arquitectos e mestres da construción, nas conexións entre os oficios e a identidade de cada comunidade, na transmisión do coñecemento propio dos oficios na actualidade e no vínculo existente entre este tipo de traballos e o lugar no que se desenvolven.

SÁBADO 26 DE SETEMBRO

10:00 - 10:30 h. Recepción e acreditación dos participantes

10:45 h. Inauguración

11:00 - 11:30 h. Presentación das xornadas e dos seus obxectivos.
Alejandro García Hermida (Madrid). Comisario das Xornadas e director da Fundación Culturas Constructivas Tradicionales

11:30 - 12:00 h. Presentación a cargo de Fernando Cerqueira Barros (Arcos de Valdevez, Portugal)

12:00 - 12:30 h. Descanso café

12:30 - 14:30 h. MESA OFICIO E TRANSMISIÓN DO COÑECEMENTO

Manuel Monteserín (León)

Paco Luís Martos e Florencia Iracema (Jaén)

Miguel Ángel Tapia (Valladolid) e Guillermo Bornstein (Ávila)

Modera: Lala de Dios (Madrid). Tecedeira, historiadora e comisaria de exposicións

15:00 - 16:30h. Comida

17:00 - 19:00 h. MESA OFICIO E ARQUITECTURA

Max Rutgers e Oriol Roselló (Girona)

Estudio Correoviejo. Ana Beltrán e Eva Sanjuán (Valencia)

Modera: Carlos Jiménez Cenamor (Murcia). Arquitecto e ceramista

DOMINGO 27 DE SETEMBRO

10:00 - 12:00 h. MESA OFICIO E IDENTIDADE

Luis Prieto (Madrid)

Arrokabe Arquitectos. Iván e Óscar Andrés Quintela
(Santiago de Compostela)

Jesús Adeva (Toledo)

Moderadora: Raquel Buj (Madrid). Arquitecta e investigadora
de materiais

12:00 - 12:30 h. Descanso café

12:30 - 14:00 h. MESA OFICIO E LUGAR

Pau de Pedra. Octavio Vázquez (Lugo)

Xosé Calviño Doval (Pontevedra)

Celsa Pesqueira Sánchez (Pontevedra)

Moderador: Alejandro García Hermida. Comisario
das Xornadas e director da Fundación Culturas
Constructivas Tradicionales

14:00 - 14:30h. Conclusións e peche das Xornadas.

Rebeca Gómez-Gordo Villa, arquitecta e directora
de Proxectos da Fundación Culturas Constructivas
Tradicionales

14:30 - 16:00 h. Comida



PARTICIPANTES

ALEJANDRO GARCÍA HERMIDA

(Madrid) @almenara.arch

Doutor arquitecto, Máster en Conservación do Patrimonio Arquitectónico e profesor asociado na Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidad Politécnica de Madrid. É fundador e director executivo da Fundación Culturas Constructivas Tradicionales, dende a que implementou e xestiona iniciativas coma o Premio Rafael Manzano de Nova Arquitectura Tradicional, os Premios das Artes da Construción, a Red Española de Maestros da Construción Tradicional ou o Journal of Traditional Building, Architecture and Urbanism. Ten impartido clases en diversas escolas de arquitectura (Yale, Miami, Notre Dame, Colorado, Kansas State, Liverpool, Politécnica de Valencia, Alfonso X el Sabio, Politécnico de Milán, entre outras). A súa práctica profesional centrouse na arquitectura e na construción tradicionais, así coma na restauración e no estudo de edificios históricos, principalmente en España e Marrocos. É membro do consello da ONG Terrachidia e Vicepresidente de INTBAU España.

ARROKABE ARQUITECTOS

(Santiago de Compostela) @arrokabe

Estudio situado en Santiago de Compostela formado, dende maio de 2006, polos irmáns Óscar Andrés Quintela (arquitecto ETSAUN 1994) e Iván Andrés Quintela (arquitecto ETSAUN 2004). O traballo da oficina parte dunha especial atención á preexistencia, material e/ou cultural, busca construír unha linguaxe sobre o concreto e afonda na capacidade expresiva dos materiais e das técnicas construtivas axeitadas e idóneas. Están especializados en rehabilitación, arquitectura en madeira e eficiencia enerxética. Actualmente colaboran coa Casa da Fábrica da Fundación Catedral de Santiago en labores de coordinación, desenvolvemento de proxectos e dirección de obras na restauración do templo.

CARLOS JIMÉNEZ CENAMOR

(Murcia) @DelAmorYlaBelleza

Arquitecto pola Universidad Politécnica de Madrid, fundou o taller DelAmorYlaBelleza na primavera de 2011, realizando proxectos multidisciplinares nos que a felicidade e o optimismo son variables de deseño fundamentais. O seu traballo foi exposto no Festival de Venecia, LOVISUAL, HAY FESTIVAL do Reino Unido, o Museo ICO, Matadero de Madrid, London Roca Gallery, Galería space2B, Espacio Mínimo, Mad is Mad, etc. Vinculado á docencia universitaria dende 2005, traballou no University College London, a ETSAM de Madrid e impartiu workshops en América Latina, Europa e Asia. Dende 2018 reside e traballa en Murcia, desenvolvendo un estudo pormenorizado do medio ambiente que o rodea mediante a súa produción cerámica e gráfica, sendo galardoado co Premio Produto Artesán 2023 nos Premios de Artesanía de la Región de Murcia. Comisario, xunto con Raquel Buj, das xornadas Novas Artesanías para Novas Ecoloxías (Mouricios, Chantada), 2024.

CELSA PESQUEIRA SÁNCHEZ

(Pontevedra) @pesqueirastudio__celsa

Arquitecta pola ETSAC (A Coruña) en 2008 e CEA en Rehabilitación e Arquitectura Bioclimática na FA UTL (Lisboa) en 2011. Ata 2018 colabora en as* atelier de Santos, Creus e Carrasco arquitectos e Elsa Urquijo arquitectos. En 2019 funda PESQUEIRA, estudio de arquitectura e deseño do que é arquitecta directora. En PESQUEIRA combina, dende a gramática da arquitectura, a conceptualización, creatividade e atención á percepción dos espazos, desenvolvendo proxectos de vivenda, equipamentos, espazos comerciais e institucionais. Vinculada á docencia no ámbito do deseño dende 2017, traballou na EASD Antonio Faílde en Deseño de Interiores e impartiu charlas nas Xornadas de Deseño no CGAC, no programa ForestED ou na GalicianDesignWeek 2026.

ESTUDIO CORREOVIEJO

(Valencia) @estudiocorreoviejo


Estudio de arquitectura con sede en Valencia, fundado en 2010 polas arquitectas Ana Beltrán e Eva Sanjuán. O seu traballo céntrase na rehabilitación e posta en valor do patrimonio construído, dende unha ollada que integra arquitectura, oficio e cultura. A súa práctica aborda cada proxecto a partir da investigación histórica, o uso de materiais e técnicas tradicionais e a súa adaptación ás necesidades contemporáneas, entendendo a arquitectura como unha expresión da identidade local. Innovan rescatando o que sempre funcionou da tradición. Ao longo da súa traxectoria teñen intervido en numerosos edificios históricos, recuperando a súa esencia mediante a restauración de elementos construtivos, sistemas tradicionais e oficios asociados, dende unha perspectiva de sustentabilidade cultural, económica e social. Indagando no pasado, constrúen o futuro.

FERNANDO CERQUEIRA BARROS

(Arcos de Valdevez, Portugal) @fernandocerqueirabarros_arq

Arquitecto formado na FAUP (2011), actualmente investiga o patrimonio arquitectónico transfronteirizo da rexión do Gerês-Xurés no marco dos seus estudos de doutoramento. É investigador no Centro de Estudos Nuno Portas (CEAU) e membro da Cátedra UNESCO "Patrimonio, Cidades e Paisaxes", da Comisión de Xestión Conxunta do Parque Nacional da Peneda-Gerês, da Rede Horrea e da xunta directiva de INTBAU Portugal. O seu traballo céntrase na rehabilitación do patrimonio construído, abarcando tanto estruturas tradicionais coma monumentais. Entre os seus proxectos destaca a rehabilitación do Mosteiro de São João de Cabanas, galardoada co Premio Nacional de Arquitectura Espaço 2025, así como cunha Mención de Honra nos Premios Nacionais de Rehabilitación Urbana de 2026 e no Premio Europeo Philippe Rotthier de 2024. O seu labor sobre o patrimonio etnolóxico do noroeste da Península Ibérica foi recoñecido cunha Mención de Honra no I Premio Ibérico de Investigación en Arquitectura Tradicional (2012) e co Premio Cantapaxarín (2025).





FLORENCIA IRACEMA

(Úbeda, Jaén) @florenciairacema

Artesá especializada en conservación e restauración do patrimonio. Desenvolve o seu traballo arredor da policromía, do dourado tradicional e da recuperación de técnicas históricas vinculadas á arquitectura e ás artes decorativas. Formada en Revestimentos Murais na Escuela de Arte y Superior de Diseño de Segovia, ampliou a súa especialización en Florencia, na Escola Palazzo Spinelli, en restauración de pintura mural, e na Escola C.E.R., en restauración de madeira. Dende hai máis de doce anos participa en proxectos de conservación e de restauración do patrimonio, así como en traballos de esgrafiado tradicional, policromía e dourado. Actualmente forma parte do obradoiro de Paco Luis Martos, onde desenvolve a policromía e o dourado de artesoados, tanto históricos como de nova creación. Compaxina a súa práctica profesional coa investigación, coa docencia e coa divulgación dos oficios tradicionais mediante cursos, talleres e conferencias especializadas.

GUILLERMO BORNSTEIN ORTEGA

(Cuevas del Valle, Ávila)

Físico e filósofo de formación, a súa traxectoria desprazouse dende a investigación científica cara a unha relación máis práctica e directa co territorio e cos oficios. A súa relación coa madeira comeza en 2014 cunha formación introductoria en talla vasca e continúa durante anos a través de pequenos proxectos persoais, ata que no 2024 se forma en carpintería e ebanistería con Miguel Ángel Tapia a través de CEARCAL. Esta experiencia supuxo o paso dunha afección a unha práctica consciente do oficio que se confirmou ao recibir a Beca Donald Gray de las Artes de la Construcción 2025, que lle permitiu traballar como aprendiz no taller de Miguel Ángel Tapia durante seis meses. Dende entón continúa coa súa formación e actualmente dispón dun taller de carpintería en Cuevas del Valle, onde realiza encargos mentres continúa afondando no coñecemento da madeira, das ferramentas e das técnicas propias do oficio.



JESÚS ADEVA

(Toledo) @jesus.adeva

Mestre de obra especializado na rehabilitación e restauración de edificios históricos e un dos maiores referentes nacionais en técnicas construtivas tradicionais aplicadas á restauración do patrimonio arquitectónico. Membro da Red Española de Maestros de la Construcción Tradicional, Premio Internacional Armando Reverón. Valija Iberoamericana 2026 e Premio Internacional Richard H. Driehaus das Artes da Construcción 2023. Combina de forma única o coñecemento técnico coa experiencia directa, realizando intervencións baseadas en solucións construtivas orixinais aplicadas tanto á rehabilitación do patrimonio como á construción contemporánea con técnicas tradicionais. Como docente e relator ten colaborado con HomoFaber, INTBAU España, El Museo de la Cal de Morón, o Colexio Oficial de Arquitectos de Madrid ou a Universidade de Castilla-La Mancha.

LALA DE DIOS

(Madrid) @laladedios5

Historiadora da arte por formación e tecedora e tintorera por vocación. Sempre atraída polo binomio tradición/innovación na artesanía, interésalle especialmente a interacción entre a arte, a artesanía e a natureza. Xestora e comisaria de proxectos culturais, entre os seus últimos proxectos atópanse colaboracións, utilizando tinguiduras naturais, con Teresa Lanceta e outras artistas, ou o comisariado das xornadas Tecendo Futuros (2023, San Cristovo de Mouricios, Chantada). Da súa traxectoria, ela mesma destaca o seu traballo en proxectos de cooperación e a actividade docente. Na actualidade é profesora de Materiais e construción téxtil no Máster en Deseño Téxtil e Novos Materiais do IED Madrid.

LUIS PRIETO

(Madrid) @arcatifas

Mestre artesán da construción vernácula, especializado en estucos de cal e xeso artesanais, en revestimentos tradicionais con pigmentos artesanais de orixe natural e na arqueoloxía experimental. Interesado na investigación e na recuperación de técnicas perdidas ou esquecidas, na súa posta en obra e na súa adaptación á contemporaneidade. Ademais é defensor e promove o purismo dos materiais e a súa utilización. Iníciase no oficio na experiencia familiar - seu avó era drogueiro e seu pai pintor - e destaca a súa formación no Instituto Superior de Pintura Van der Kelen (Bélxica) e en Les Ateliers du Beaucet (Francia). Coautor do libro *Artes de los yesos* con Demetrio Gaspar e Ignacio Garate Rojas. Premio Richard H. Driehaus das Artes de la Construcción no ano 2019. Docente en varios Másteres tanto nacionais como internacionais de Conservación e Restauración do Patrimonio.

MANUEL MONTESERÍN SANTÍN

(Balboa, León)

Artesán das armaduras, estruturas de madeira e dos teitos de palla. Comezou no oficio restaurando hórreos de madeira. Natural de Balboa, unha aldea de montaña entre León e Galicia, dende hai máis de 30 anos está comprometido co patrimonio etnográfico desta zona defendendo a arquitectura tradicional das cubertas vexetais de palla de centeo, teitos, a aprendizaxe cos artesáns teitadores que aínda coñecían este oficio e a divulgación destas estruturas dende a súa sede, a Palloza de Chis, colaborando na restauración destas construcións tradicionais en perigo de extinción. En 2025 recibe o Premio de las Artes de la Construcción e actualmente conta cun aprendiz teitador.

MAX RUTGERS

(Girona) @maxmadera.estructuras

Carpinteiro de estrutura. En 2007 crea Max Madera no Alt Empordà e realiza obras coma o Restaurante Antaviana nomeado nos Premis d'arquitectura de les comarques de Girona 2013 (COAC); a cúpula do Mas Marroch, finalista nos Premios Cataluña Construcción 2016; ou o Restaurante Draulic gañador de Guardons de la fusta 2018, na categoría de arquitectura polo seu deseño e realización, entre outras. Como docente e formador colabora con entidades como: a Fundació Universitat de Girona dentro do Master de Bioconstrucción, o Colegio de Arquitectos de Cataluña, no marco do Postgrau de Mestrage, o GRETA, o Institut d'Estudis Secundaris Josep Brugulat de Banyoles, l'escola taller de Bioconstrucció 'Orígens', o centre de formació profesional CEFA Pro de Montelímar (França), o Centre de formació profesional Techcollege de Aalborg (Dinamarca), o Institut Escola Industrial de Sabadell, ou la Escola del Treball de Barcelona. En 2020 a Generalitat de Catalunya outórgalle o Diploma de Mestre Artesá e no 2024 recibe un premio Richard H. Driehaus de las Artes de la Construcción pola súa traxectoria profesional.

MIGUEL ÁNGEL TAPIA

(Viana de Cega, Valladolid) @aquiselahacensantos

Mestre carpinteiro, escultor e imaxineiro valisoletano con máis de tres décadas de traxectoria profesional. O seu traballo céntrase na conservación, defensa e difusión das técnicas tradicionais da escola castelá de imaxinería e dos oficios artísticos relacionados coa madeira. Especialízase na talla completa de imaxes de madeira litúrxicas e procesionais, aplicando técnicas do século XVI. Domina os oficios históricos de carpintería de armar, ebanistería, modelado, baleirado, dourado, policromía ao óleo, estufado e tempero ao ovo. En 1996 funda o taller Aquí se hacen Santos, en Viana de Cega, onde produce escultura sacra, imaxinería procesional para a Semana Santa e mobiliario artístico. Formador de oficios tradicionais en diversas institucións desde 1992, entre as que se atopa o Centro de Artesanía de Castilla y León (CEARCAL). Membro da Red Nacional de Maestros de la Construcción Tradicional.

OCTAVIO VÁZQUEZ

(Lugo) @paudepedra____

No 1996 incorpórase ao obradoiro do escultor Manuel Mallo. Durante os sete anos que pasa alí consolida as bases da súa aprendizaxe arredor da pedra natural, unha etapa fundamental que marca o seu xeito de entender o oficio. En 2003 incorpórase ao equipo de deseño e de produción de PCM Granitos Moldurados, onde desenvolve a maior parte da súa traxectoria profesional. En marzo de 2023, a empresa pasou a formar parte de PAUDEPEDRA, co obxectivo de trasladar a súa experiencia en técnica, tradición e deseño tamén á madeira. Nestes anos, o traballo con pedra natural permitiulle colaborar en obras moi diversas, dende pequenos proxectos para particulares ata grandes intervencións recoñecidas internacionalmente, como a remodelación do Santuario de Lourdes, a Catedral de Santiago de Compostela ou a Sagrada Familia de Gaudí en Barcelona, coa que colabora de maneira ininterrompida dende 1996.

ORIO ROSELLÓ

(Girona) @oriolrosello

Arquitecto con 25 anos de experiencia e máis de 200 obras executadas. Aprende a través da observación da arquitectura vernácula, realizando numerosas expedicións fotográficas por todo o mundo. O proxecto de cooperación en Bangolo (Costa de Marfil) amósalle as virtudes de traballar con artesáns locais e materiais de quilómetro cero. Profesor da Universitat de Girona e fundador do grupo de investigación CATS e do proxecto GRETA, director do curso de mestría en técnicas tradicionais e profesor de bioconstrución na Escola Orígens. As súas obras publicáronse en máis de 50 revistas especializadas e o seu traballo viuse recoñecido co Premio Toni Cobos de Arquitectura Tradicional (2019), co Premio EcoViure de Manresa (2014), co Premio de Ferrocarrils de la Generalitat de Catalunya (2003) e co Premio FAD de Arquitectura Efímera (2002). Finalista do Premio Catalunya Construcción (2016).

PACO LUIS MARTOS

(Úbeda, Jaén) @artesonadosmudejarespacoluis

Mestre artesán especializado en carpintería de armar e artesoados mudéxares. Desenvolve dende hai décadas un labor dedicado á recuperación, restauración e transmisión dos oficios tradicionais vinculados á madeira e ao patrimonio arquitectónico. Dende o seu obradoiro en Úbeda ten intervido en numerosos edificios históricos e monumentais, combinando o coñecemento das técnicas tradicionais coa investigación e coa práctica contemporánea do oficio. A súa traxectoria foi recoñecida, entre outros, co Premio Nacional de Artesanía 2023, co Premio Richard H. Driehaus das Artes da Construción e co Premio de Artesanía de Andalucía. Paralelamente desenvolve un intenso labor docente e divulgativo, con máis dun cento de cursos, conferencias e publicacións, tanto en España coma no ámbito internacional, defendendo a continuidade do oficio como patrimonio vivo e como ferramenta para a arquitectura contemporánea.

RAQUEL BUJ

(Madrid) @buj.studio

O seu traballo sitúase na intersección entre arte, moda e investigación material. Unha práctica dedicada á experimentación especulativa con materiais a partir dos cales deseñar vestimentas inspiradas na idea de envolvente ou segunda pel que proxectan outras ecoloxías posibles. Concibe o seu taller coma un laboratorio no que se hibridan artesanía, fabricación dixital e biofabricación. Combina a súa práctica profesional coa súa actividade docente en diversas universidades nacionais e internacionais. O seu traballo foi recoñecido con premios como Samsung Ego Innovation Project 2017 e foi exposto en centros coma o Can U sustainable exhibition, Shanghai 2022. Colabora con artistas e performers como Instituto Stocos ou Janet Novás e recibe encargos coma o deseño da capa das Badaladas 2022. Destacan as súas coleccións Wall Dres 2017, Growing Landscapes 2018, NIDOS 2021, Ungüentos 2023. Foi bolseira pola Academia de España en Roma cun proxecto exposto en ARCO 24. Comisaria, xunto con Carlos Jiménez, das xornadas Novas Artesanías para Novas Ecoloxías (Mouricios, Chantada), 2024.

REBECA GÓMEZ-GORDO VILLA

(Toledo) @culturasconstructivas


Arquitecta e especialista en Desenvolvemento de Asentamentos Humanos Precarios pola Universidade Politécnica de Madrid. Participou en varios proxectos de rehabilitación en Casamance, Senegal, e colaborou na coordinación de varios talleres de restauración de edificios históricos e construción con terra coa ONG Terrachidia en Marrocos. É secretaria e tesoureira de INTBAU España desde 2016 e, grazas a Richard H. Driehaus, forma parte do equipo que desde 2016 creou e coordinou as iniciativas que hoxe se desenvolven desde esta Fundación. Algúns destes traballos foron galardoados co Premio Hispania Nostra 2019, unha Mención Especial dos Premios Unión Europea-Europa Nostra 2019 e co Premio Promociona para Entidades Privadas nos Premios Nacionais de Artesanía 2021.

XOSÉ CALVIÑO DOVAL

(Rodeiro, Pontevedra)

Obradoiro de cantería artesanal rexistrado en Artesanía de Galicia. Traballa con granito autóctono, aínda que ás veces emprega madeira. Dedicase ao labrado da pedra, á cachotería, ao cadeirado, á escultura ornamental, á cantería funcional e decorativa, e tamén á rehabilitación e restauración de vivendas, aos muros de cachotería, etc. As principais demandas de traballos son panteóns, remates, cruceiros, heráldica, fontes, bancos de pedra, mesas de pedra, grellas, columnas, capiteis, pozos e fachadas de cantería, cachotería, cadeirado, arquitectura tradicional e todo tipo de cantería artística.





6.

ÍNDICE DE IMAXES

1. Jesús Adeva
2. Camiño de Santiago. Palloza. O Cebreiro, Pedrafita do Cebreiro, Lugo. Arquitectura tradicional. Fotografía de Luis Agromayor. Signatura AGR-07376. Arquivo Agromayor, IPCE, Ministerio de Cultura
3. Conducindo as vacas. Hórreo. Melide. Arquitectura tradicional. Fotografía de Luis Agromayor. Signatura AGR-05671. Arquivo Agromayor, IPCE, Ministerio de Cultura
4. Max Rutgers, Pablo Sevilla, Guillermo Gil
5. Manuel Monteserín, Pablo Sevilla, Guillermo Gil
6. Samos, Lugo. Cabana. Arquitectura tradicional. Fotografía de Luis Agromayor. Signatura AGR-20201. Arquivo Agromayor, IPCE, Ministerio de Cultura

Prezo inscricións*: 75€ (Prezo reducido de 60€ por asistente para obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia). A inscrición dálles dereito a asistir os dous días de duración das xornadas, á documentación e ao agasallo de benvinda e aos servizos de restauración que se facilitarán para a comida e para os descansos previstos na programación.

Lugar: San Cristovo de Mouricios (Chantada, Lugo) 42° 37' 60.0" N 7° 50' 31.5" W

Inscrición na web: <https://artesianiadegalicia.xunta.gal/gl/formacions>

Organización: Fundación Artesanía de Galicia. Xunta de Galicia @artesanía_de_galicia

Comisariado: Alejandro García Hermida @almenara.arch

Colaboracións: Espacio Vilaseco @galeriavilasecolab e Fundación Culturas Constructivas Tradicionales @culturasconstructivas

***Ata completar aforo**

